



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CRTVG, S.A
E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos, prorrogables, para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidade de Santiago (USC).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

-Establecer a colaboración entre a CRTVG e a USC para a realización de prácticas académicas externas do alumnado de dita universidade nas instalacións da CRTVG, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- As prácticas poden ser curriculares; extracurriculares; ou conducentes á elaboración dos Traballos fin de grao / Traballos fin de máster.



- Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.
- Poderá participar nas prácticas alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación segundo os requisitos marcados neste convenio.
- A cada estudante seralle atribuído un titor ou titora académica coa misión de facer un seguimento máis directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia.
- Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na CRTVG que será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo alumno/a.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de agosto de 2020.